

# OS MUÍÑOS DE AUGA

## EN MOS



Muíño do Salto en Dornelas

**NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
CEIP PENA DE FRANCIA  
TAMEIGA- MOS**

No noso concello de Mos ó igual que en toda Galicia os muíños de auga foron vitais durante séculos para moer os cereais cos que despois se facía o pan e outros alimentos.

A chegada do millo as nosas terras procedente de América cambiou a paisaxe e a alimentación das nosas xentes.



Muíño da Fontevella ( Tameiga )

O gran do millo é duro e para poder moelo

necesítase moita forza. Na nosa terra esa forza conseguíuse da auga dos seus ríos e regatos que dan a enerxía necesaria para que a auga mova as pedras dos muíños.

Por todos os rincóns da nosa xeografía atopamos muíños que serviron ademais ao longo da historia de lugares de encontro social e lúdico.



O nome de Mos provén do latín e significa pedra grande , as pedras superiores dos muíños tamén se chaman mos (moas). Para recordarnos a procedencia do nome do noso concello hai unha escultura feita con restos dun muíño na beira da estrada N 550 na parroquia de Mos do escultor Marcos Escudero.

Escultura feita cos restos do muíño do Valente do escultor Marcos Escudero (Estrada N-550 Mos)

Na nosa zona atopamos dous tipos de muíño de auga:

os de **cubo** que teñen un depósito en forma cilíndrica recollendo a auga no exterior para así conseguir a suficiente forza para mover o rodicio . Atopámoslos nas zonas onde os regatos levan pouca auga.



Muíño de cubo ( Observamos o cilindro de pedra donde se embalsa a auga)

E os de **cal** que con caudal suficiente direxe a auga hacia o muíño deixándoa caer dende unha altura por un conduto que se vai estreitando ata facer ca auga choque coas penas do rodicio .



No río Louro atopamos unhas presas que chamamos **peiraus** que ademais de servir para desviar a auga do regadio, utilizábanse para levar auga ata os muíños co suficiente caudal para mover a mo.

A maioría dos nosos muíños eran propiedade de varios veciños que se repartían o seu uso por **tandas** incluso de noite.

Outros muíños tiñan un só dono, ou tiñan muiñeiro e para poder moer nel, era preciso pagar a **maquía**, que viña sendo unha medida determinada de gran ou diñeiro.

No noso concello case que todos os muíños están en desusos ou en estado ruinoso. Por sorte quedan en pé algúns restaurados para dar testemuña da nosa historia e arquitectura popular


Os muíños tamén xogaron un papel importante nas relacións sociais entre as persoas de tódalas idades. O trouleo do muíño ten sido testemuña de cantigas, contos de bruxas, lobos e trasnos e de amoríos .

A Muiñeira nace do ritmo do son que marca o muíño .




Roducio do muiño de Fontevella en Tameiga

“Unha noite no muíño  
Unha noite non é nada  
Unha semaniña enteira  
esa sí que é muiñada”



Pousadeiro no muíño do Salto en Dornelas  
pedra onde se pousa o saco de millo para poder abrir ou pechar a porta

## As partes do muíño na nosa zona



O gran botase na **adella** e vai caíndo na **quenlla**. Se xira a **mo** move o **taramelo** e este move a **quenlla** onde está o millo que vai caíndo no buraco.

O millo queda entre as dúas pedras (**mo e pé**). Ao dar voltas a mo vai aplastando os grans e convertíndoos en fariña.

A fariña vai caíndo polos laterais recolléndose nun **queixón**

Como se move a **mo**:

A auga o caír dende unha altura ten moita forza que ao chocar contra as **penas** do **rodicio** faino dar voltas. Este movemento trasládase á mo a través do **veo** que esta enganchado a mo pola **cigurella**


## Outros muíños



Muíños do Folón

No Rosal atopamos os Muíños do Folón e do Picón que forman un conxunto etnográfico e paixasístico único no mundo. Non deixedes de ir a velos.

Outro tipo de muíños son os de marea que aproveitan a subida da auga do mar coas mareas para almacenala e logo soltana na baixada e así aproveitar a forza da auga na baixada para mover as mos(moas).



Muíño de marea de Catoira